

# THE VIOLA IN MY LIFE



BALDOMERO BARCIELA VARELA  
BELÉN FERREIRO PÉREZ

## 1.2 GUÍA DIDÁCTICA

---

A APP será accesible a través do espazo Abalar da Xunta de Galicia. Dispoñemos tamén dunha páxina web con enderezo [theviolainmylife.gal](http://theviolainmylife.gal), na que están todos os contidos e actividades aquí recollidos.

Este proxecto está pensado para utilizarse a partir do 3º curso do Grado Profesional. A web será utilizada coma ferramenta para poñer en práctica o modelo de flipped classroom, de xeito que o alumnado ten un primeiro contacto na casa con certas cuestións técnicas e musicais a través das actividades propostas na páxina, e posteriormente, na aula presencial, desenvólvense as competencias a traballar guiadas pola profesora.

A páxina está dividida en 6 seccións, que analizaremos de xeito individual.

### **INTERPRETACIÓN**

Os obxectivos que buscamos a través de este apartado son que as alumnas aprendan a poñer en práctica os distintos elementos técnicos para atopar o seu propio xeito de expresarse a nivel musical, e que entendan a importancia de escoitar música e coñecer o repertorio do instrumento.

Consta de dúas partes:

**Diferentes versións.** Analizar a nivel técnico 2 versións distintas dunha mesma obra. Teñen que poñer en práctica a súa capacidade para analizar o que fai cada unha das instrumentistas. A proposta de avaliación é editar elas mesmas unha partitura coa información que poidan acadar mediante a visualización e a escoita dos vídeos. As partituras serán entregadas á profesora ben en man, ou a través dos medios informáticos máis axeitados en cada un dos casos.

**Coñecendo repertorio.** A través dunha selección dalgunhas das obras máis significativas do instrumento, buscamos espertar a súa curiosidade tanto pola música clásica en xeral, coma polo repertorio do noso instrumento. Cada unha das obras contén un cuestionario con preguntas cuxas respostas deberán buscar tanto nos vídeos propostos coma na rede. Ao rematar o cuestionario saberán exactamente que preguntas fallaron, e en caso de acertalas todas recibirán unha pequena recompensa musical.

### **HISTORIA**

**Liña do tempo.** O obxectivo fundamental é achegarlles moi brevemente a historia do instrumento, de xeito que poidan ver cunha certa perspectiva

dende as orixes ata o día de hoxe. A liña inclúe nalgúns casos ligazóns que lles permitirán ampliar os seus coñecementos sobre diversas cuestión. Esta actividade será avaliada na clase, onde terán que situar temporal e estilisticamente as obras que interpretan. Ademais, será o punto de partida para a investigación daqueles períodos históricos que máis lle interese a cada unha.

**Violistas.** A través de ligazóns das páxinas web de distintas intérpretes, buscamos que comecen a coñecer as personalidades máis relevantes do mundo da viola. Servirá tamén para incidir na importancia de buscar aqueles xeitos de tocar que máis se acheguen ao que elas buscan.

**Rebecca Clarke.** A través da vida desta violista e compositora queremos reivindicar o papel da muller, tanto a nivel instrumental coma compositivo. Neste caso, a proposta é que o alumnado cubra os ocos que faltan na súa biografía, con información que facilmente van poder atopar nas redes. A web indícalles ao rematar que preguntas acertaron.

## **AFINACIÓN**

**Mapas da man esquerda.** Incluímos aquí un recordatorio dos distintos xeitos de colocar a man esquerda, xa que empregamos este tipo de vocabulario en diferentes actividades da Web.

**Onde poño os dedos?** Un primeiro paso cara a mellora da afinación é coñecer con precisión onde e como colocar a man. A través de pequenos fragmentos de estudos e obras do repertorio habitual, queremos axudarlles a analizar dun xeito rápido e eficaz aquelas pasaxes máis complicadas. Na actividade inclúense as respostas, así coma algúns exercicios preparatorios. Será material a empregar sempre na preparación a ditas obras, de xeito que á hora que comezar a estudalas xa teñan as habilidades necesarias para estudalas dun xeito máis eficaz.

**Adestrando a man esquerda.** Ademais da relación de tons e semitóns na man esquerda, a súa situación no mastro é a segunda habilidade que pretendemos asentar. A través destes exercicios terán as ferramentas necesarias para estudar algúns dos cambios de posición máis habituais. Neste caso ofrecemos un acompañamento dunha 2ª viola, que durante as clases presenciais será tocada pola profesora. Así o traballo individual será practicamente igual ao que se practicará nas clases presenciais. Será este o espazo para avaliar se o estudo foi ou non correcto.

**Escalando...con arnés!!.** E para rematar esta sección, un dos piares básicos da técnica da man esquerda: as escalas e arpexios en tres oitavas. Para emendar un dos problemas máis habituais, que é a falta dunha referencia

harmónica que lles permita axustar a afinación, ofrecemos un acompañamento de piano, que facilitará enormemente o traballo individual da afinación. Estes mesmos acompañamentos serán empregados tanto nas clases individuais coma nas audicións técnicas que se programen durante o curso. Ofrecemos a posibilidade de solicitar os acompañamentos aos tempos que cada persoa precise. Dalgún xeito, os ofrecidos serán o obxectivo final, e para a súa preparación poderán pedir os audios naqueles tempos que mellor se adapten ás súas necesidades.

## **LECTURA A VISTA**

**Ver, analizar, lembrar.** Para preparar unha boa lectura a vista é imprescindible ter a capacidade de analizar previamente as dificultades da obra. A través de pequenos fragmentos, pretendemos centrar a súa atención nos aspectos que consideramos máis relevantes, tanto no que se refire á técnica da man esquerda coma do arco. O exercicio que se propón consta de varias preguntas que lles axudarán a enfocar dun xeito rápido cada un dos fragmentos. Ao remate do cuestionario saberán as preguntas que acertaron, e poderán repetilo todas as veces que o precisen. Cando consigan facelo sen erros, ofréceselle a partitura para poñer en práctica a súa análise. En función das capacidades de cada unha, será enviada á profesora unha gravación ou interpretada na clase individual.

**Ver, lembrar...recoñecer auditivamente.** Insistimos nesta actividade na importancia de analizar rapidamente as partituras. Neste caso propoñemos fragmentos moi similares ritmicamente, pero con melodías e articulacións distintas. Para reforzar tamén o traballo memorístico, teñen un tempo de 20 segundos para facelo, e despois deberán recoñecer, tras escoitar un dos fragmentos, de cal se trata. Tamén recibirán o resultado unha vez feito cada exercicio.

**Ponte a tocar ti soa...a dúo.** E para rematar esta sección, a parte máis práctica. Despois de ter feito as actividades anteriores, deberían ter as ferramentas necesarias para facer unha lectura con certa fluidez. Por iso decidimos poñela en práctica a través de dúos. Deste xeito as alumnas deberán ser moi precisas ritmicamente, xa que o feito de ter unha segunda voz gravada non permite cambios de tempo nin dúbidas. Esta actividade será supervisada sempre na clase individual.

## **VIOLAS**

Un dos puntos débiles máis habituais entre o alumnado, e en moitos casos tamén entre o profesorado, é o descoñecemento de aspectos construtivos, de mantemento e conservación dos instrumentos. Ese é precisamente o obxectivo de ofrecer estes pequenos vídeos, nos que un luthier explica con claridade

aquelas cuestións que máis nos afectan coma intérpretes no día a día. O mellor xeito de avaliar a comprensión dos distintos conceptos que se presentan, é supervisar semanalmente o estado dos instrumentos do alumnado. Tanto no que se refire á limpeza coma ao estado do instrumento, arco e cordas.

## **MEMORIA**

O motivo de adicar unha das seccións á memoria é tentar facer conscientes ás alumnas de que existen distintos tipos de memoria. Diferencialas e poder combinalas axuda a reforzar a nosa capacidade para decidir cal delas é máis axeitada en cada momento. Por razóns obvias, ofrecemos exemplos de obras que foron traballadas en cursos anteriores. Neste caso, en todas as actividades saberán se acertaron ou non, pero para insistir na importancia da reflexión e asimilación de conceptos, non se proporcionas as respostas correctas.

**Memoria visual.** Designamos así á que en realidade coñecemos coma memoria dixital. É a máis empregada entre o alumnado, pero case sempre dun xeito totalmente inconsciente. A través de distintos vídeos, tentamos rescatar a información que puido quedar de obras xa interpretadas, pero facéndoo dun xeito que lles obrigue a reflexionar sobre os distintos movementos dos dedos da man esquerda.

**Memoria auditiva.** Unha vez máis utilizamos o acompañamento de piano coma unha parte fundamental da formación instrumental. Na maioría dos casos, unha memorización óptima dunha obra implica o coñecemento tamén da parte de piano. É por iso que deseñamos esta proposta, na que illamos o acompañamento coa intención de subliñar a súa importancia en todo o proceso.

**Memoria auditiva e visual.** E por último, un tipo de memoria que o alumnado utiliza con moita frecuencia nos estudos obrigatorios ( nestas idades posiblemente estean xa na ESO), pero non tanto cando se trata da música. Entendemos que é fundamental poder “visualizar” unha partitura para garantir que está perfectamente asimilada. Por iso escollemos fragmentos xa tocados, pero non moi representativos de cada unha das obras incluídas. É un bo termómetro para descubrir se realmente o traballo memorístico foi todo o bo que se esperaba no medio prazo.

## **OBXECTIVOS**

---

Os obxectivos recollidos no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música para os instrumentos de corda son:

- a) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- b) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- c) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- d) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- e) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- f) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade de acordo con este nivel.

A continuación detallamos a súa relación con cada unha das seccións incluídas na Web e na App:

**Interpretación** Obxectivos a, b, f,

**Historia** Obxectivo b

**Afinación** Obxectivos a, b, f,

**Lectura a vista** Obxectivo d

**Violas** O coidado e mantemento do instrumento non aparece especificamente coma un obxectivo, pero resulta fundamental telo en bo estado para acadar uns mellores resultados sonoros.

**Memoria** Obxectivo c

## **CONTIDOS**

---

Os contidos recollidos no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música para os instrumentos de corda son:

1. Continuación do traballo sobre os cambios de posicións.
2. Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
3. Desenvolvemento da velocidade.
4. Perfeccionamento de todas as arcadas.
5. Harmónicos naturais e artificiais.
6. Traballo da polifonía nos instrumentos de corda.
7. A calidade sonora: Cantabile e afinación.
8. Fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
9. Afondamento no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
10. Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento dos seus grafas e efectos.
11. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
12. Práctica da lectura á vista.
13. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.
14. Práctica de conxunto.

A continuación detallamos a súa relación con cada unha das seccións incluídas na Web e na App:

**Interpretación** Trátase dun concepto moi amplo, e por iso está moi relacionado cos contidos 1,2,3,4,5,6,7,8,9 e 10, e moi especialmente co 13.

**Historia** Os coñecementos históricos están relacionados cos contidos 8, 10 e 13.

**Afinación** O traballo na afinación está incluído expresamente coma un dos contidos a traballar no GP (punto 7), pero tamén está moi relacionado cos puntos 1,2,5,6,12,13 e 14.

**Lectura a vista** A práctica da lectura a primeira vista está incluída expresamente coma un dos contidos a traballar no GP (punto 12), e relacionada co punto 14.

**Violas** O coidado e mantemento do instrumento non aparece especificamente coma un contido, pero resulta fundamental para acadalos todos.

**Memoria** O adestramento da memoria está incluído expresamente coma un dos contidos a traballar no GP (punto 11), pero tamén está moi relacionado cos puntos 1,2,6,8 e 9.

## **COMPETENCIAS**

---

**Competencia Dixital** Hoxe en día as tecnoloxías están totalmente ligadas ás nosas rutinas do día a día. No caso das adolescentes, que nas idades ás que vai dirixido este proxecto teñen na súa maioría o seu propio móbil, estas rutinas son basicamente de carácter lúdico. Por iso é importante amosarlles outras posibles utilidades, neste caso vencelladas á aprendizaxe... sen esquecer que a aprendizaxe debe tamén ser lúdica!. Algunhas das actividades que plantexamos pretenden que se desenvolvan na búsqueda de información. A rede é inmensa, e a cantidade de datos que contén é incalculable, por iso é importante aprender a utilizala, e saber que páxinas nos ofrecen unha información de calidade, comparadas con outras sen ningunha base. Comparar para acadar os mellores resultados posibles, estimulando tamén o espírito crítico.

**Competencia para aprender a aprender** Esta é, por excelencia, a competencia que mellor reflexa a aprendizaxe dos estudos musicais. O alumnado ten unha hora de clase de instrumento semanal, e teoricamente, nestes cursos, adican entre 1 e 2 horas ao estudio persoal cada día. Así, é evidente que a cantidade de tempo que pasan sós e soas é moi superior ao que pasan coa supervisión docente. As e os profesores son guías, que van marcando o camiño e subliñando que aspectos teñen que traballar e como. A *app* vailles proporcionar



un soporte adicional a este proceso de aprendizaxe, xa que entre outras cousas será en boa medida elección súa que actividades facer en cada momento. Isto require un nivel de autoconsciencia de que habilidades deben mellorar en cada momento, e contribuirá a aumentar a súa autonomía e implicación tanto no estudio coma no proceso de aprendizaxe.

**Conciencia e expresión culturais** Esta competencia estará presente fundamentalmente na unidade didáctica adicada á historia. Nela aparecen compositores de distintos países e orixes culturais do máis diverso. Ademais incluimos un apartado adicado en exclusiva á compositora e violista Rebecca Clarke, xa que por desgracia moitos dos libros de historia aínda hoxe exclúen a moitas mulleres, e nese sentido a rede convírtese nun vehículo óptimo para afondar na contribución feminina ao eido da composición. Pero non é só unha cuestión de sexos senón tamén de orixes, que son do máis variado, e que se deixan entrever en moitas ocasións debido á influencia que nalgúns casos tivo a música popular de cada país na pegada de distintas obras. Tamén no apartado de intérpretes viaxaremos a través de distintas culturas, coma os Estados Unidos, Reino Unido ou Francia, e obviamente España

## **METODOLOXÍA**

---

A metodoloxía da nosa aplicación está baseada no concepto de aula invertida. Aínda que na ensinanza musical instrumental, o modelo de clase maxistral é moito máis difuso que no ensino tradicional, si que é certo que o profesorado segue actuando (ás veces de xeito inconsciente!) como un demiurgo transmisor de coñecemento, no caso concreto da ensinanza instrumental, de técnicas, modos ou estilos máis que de conceptos. No noso modelo a profesora transfórmase no que debería ser: unha guía, unha acompañante, ou incluso unha incentivadora da propia aprendizaxe do alumando, para que esta sexa verdadeiramente significativa.

Por tanto a *app* pasa a ser unha ferramenta de iniciación e autoreflexión para que o alumnado se plantexe retos a si mesmo. A profesora suxerirá cal é o mellor momento para facer cada unha das actividades, o que non exclúe que nunha ensinanza individualizada como a nosa, cada alumna explore libremente en función das súas necesidades todo o que hai na aplicación. Este traballo feito

na casa confrontará ao alumnado con diferentes aspectos da práctica instrumental, provocaralle dúbidas, cuestións, e seguramente azos de resolvelas. Será na aula presencial, onde todas esas cuestións se verbalicen, e onde a profesora suxerirá métodos, estratexias e exercicios que permitan construír a aprendizaxe individual. De volta á casa o alumno realizará os exercicios propostos consolidando deste xeito o experimentado na aula presencial.

Temos deste xeito os tres momentos habituais da *flipped classroom*: a presentación dos contidos mediante a *app* na casa, a proposición de estratexias e resolución de dúbidas durante a aula presencial, e a consolidación da aprendizaxe mediante a práctica posterior no domicilio.

## **AVALIACIÓN**

---

Fronte ao predominio habitual dunha avaliación do alumnado puramente cuantitativa e clasificadora, propoñemos centrarnos máis nun modelo cualitativo e verdadeiramente formativo. Tendo en conta que o ensino instrumental musical é fundamentalmente individual, non ten sentido que o único que a alumna perciba como resultado da avaliación sexa unha nota numérica en momentos puntuais do curso académico, senón que debe ter informacións contínuas da súa evolución de aprendizaxe, informacións variadas que incluírán tamén a autoavaliación e a coavaliación como explicamos en seccións anteriores.

Nun punto de vista temporal, deberemos facer un seguimento a curto, medio e longo prazo. Dende a perspectiva do ensino musical regulado, estes prazos poderían corresponderse cos trimestres, cursos académicos, e, neste caso, o Grao Profesional. As ferramentas e criterios de avaliación empregados en relación cos distintos contidos traballados serían:

### **Avaliación a curto prazo.**

**Interpretación.** O fin último desta destreza sería conseguir unha interpretación única e persoal. Para iso, é preciso un coñecemento en profundidade tanto das distintas técnicas de arco e man dereita coma das diferentes convencións interpretativas. Enfocado a un trimestre, centrarase no repertorio traballado.

Incluirá por un lado a escoita, sempre que sexa posible, de distintas versións. Por outro, a diferenciación clara de estilos, que fundamentalmente se centrará en golpes de arco e a utilización ou non do vibrato.

**Historia.** Neste punto buscamos uns resultados visibles a longo prazo, pero que se deben ir traballando progresivamente. Cuestións coma a ubicación histórica e estética do repertorio a traballar, así coma a adquisición dun vocabulario musical solvente, que permita describir formato e características das obras, farán parte dos obxectivos a curto prazo.

**Afinación.** O traballo da afinación, é, se cadra, un dos máis arduos de todos os propostos. Neste sentido, as facilidades de cada persoa determinarán o grao de exixencia á hora de valorar os resultados. Non é comparable, por exemplo, unha persoa que ten oído absoluto con outra que ten máis dificultades á hora de distinguir os diferentes sons. Pero en ambos casos, o coñecemento do “mapa da man esquerda” no repertorio traballado será fundamental. Na maioría dos casos a mellora xa pode ser valorada de clase a clase, e dende logo ao longo do trimestre a través das distintas propostas de repertorio e exercicios.

**Lectura a primeira vista.** Pola súa natureza, a valoración dunha boa lectura a primeira vista estará sempre ligada á inmediatez. Neste caso, este sería o último escalón no proceso de aprendizaxe, xa que o traballo e preparación previos son os que permitirán poder resolver cunha certa solvencia e rapidez a interpretación dunha obra ou fragmento sen previo estudio.

**Violas** Ter o instrumento en boas condicións é fundamental para poder obter del o mellor rendemento. Por iso, semanalmente revisaremos a limpeza da viola e do arco.

**Memoria.** No proceso de memorización existe unha resposta inmediata. É fácil reter información en períodos breves de tempo. Así, por exemplo, é habitual que o alumnado consiga memorizar durante unha clase un fragmento musical. Pero trátase de facer unha memorización consciente, que integre os distintos elementos plantexados nos contidos, e que permita, neste caso, tocar parte do repertorio trimestral de memoria con seguridade e cun bo coñecemento do acompañamento de piano nas obras que o teñan.

## Avaliación a medio prazo

**Interpretación.** Habitualmente as características do repertorio traballado ao longo do ano son do máis diversas. O que buscamos a través das propostas da aplicación é que ao final de curso sexan conscientes das diferencias entre as distintas pezas programadas, e que poidan facer unha versión o máis persoal posible de cada unha delas.

**Historia.** A través desta unidade didáctica pretendemos que no remate do curso académico o alumnado poida facer unha breve descripción das obras que traballou, que coñeza e ubique aos compositores/as das mesmas, e coñeza os nomes dalgúns intérpretes que as teñen gravadas, ou colgadas en Youtube.

**Afinación.** Paralelamente á mellora das capacidades auditivas, buscamos rapidez e eficacia na corrección. No caso concreto da afinación teremos moi en conta o punto de partida do alumnado, valorando a evolución dun xeito totalmente persoal. Conseguir assimilar a importancia da colocación da man esquerda será un dos aspectos fundamentais.

**Violas.** Ao longo do curso escolar comprobaremos que tanto a viola coma o arco se atopan en perfectas condición, e será o alumnado o que deberá pensar en posibles solución aos problemas de sonoridade que presenten.

**Lectura a primeira vista.** Un dos mellores escenarios para comprobar a mellora da lectura son as clases de Orquestra, Conxunto e Música de Cámara. Nestas materias é habitual a lectura conxunta do novo repertorio, que nos cursos aos que está dirixido este proxecto xa se espera que sexa de certa calidade. Por iso é interesante ter un contacto frecuente co profesorado destas materias, que nos proporcionará unha visión máis ampla da posta en práctica dos obxectivos buscados. Ao remate do curso académico a análise previa de certas nocións coma tonalidade, compás, dificultades rítmicas específicas ou opcións de dixitación teñen que ser xa un hábito, e debe estar totalmente interiorizada coma parte indispensable para a mellora na lectura.

**Memoria.** Durante o curso académico as alumnas e alumnos memorizan parte das obras e estudos que traballan. Mediante a aplicación é posible revisar aquelas pezas que así se traballaron, para comprobar se realmente estaban tan asimiladas como parecía no momento da interpretación en público.

## Avaliación a longo prazo

Un bo momento para avaliar a adquisición de todas estas destrezas é o recital de fin de grao que habitualmente se realiza ao remate do 6º curso de GP. Interpretando parte do repertorio de memoria, facendo unha versión persoal e adaptada ao estilo de cada obra, e con calidade na afinación. Ademais, actualmente para os exames de Premio o alumnado ten que elaborar as notas ao programa. Facelo tamén para este recital sería un bo xeito de mostrar as aprendizaxes adquiridas no apartado histórico.

Concretando e sintetizando o obxecto da avaliación, esta sería:

- a) Por un lado, as actividades propostas na *app*, baseadas na súa maioría nun modelo de pregunta-resposta, permite que o alumnado obteña unha valoración inmediata das tarefas realizadas. Isto permite introducilos no concepto de autoavaliación, vinculado intimamente coa competencia de aprender a aprender.
- b) Asimesmo, a profesora avaliará semanalmente a consecución dos obxectivos propostos durante o desenvolvemento das clases, comprobando se se fai unha correcta aplicación dos coñecementos adquiridos, e guiando ao alumnado para poñelos en práctica, relacionando cada un deles co repertorio que se esté a traballar.
- c) Por último as clases colectivas de viola permitirán un proceso de coavaliación, así como as clases de grupo (orquestra, música de cámara, historia...) unha heteroavaliación externa por parte doutro profesorado.